# TRC DANZA 2024

PRIMAVERA>OUTONO

TEATRO ROSALÍA CASTRO
A CORUÑA




TRC
DANZA
2024

Venres 19.04
***ANÖA***

Venres 26.04
***MULTIPERSPECTIVAS#2***

Sábado 27.04
***É Difícil Fotografar o Baleiro***

Venres 03.05
***Go Figure***

Sábado 04.05
***Otempodiz + A raíz de***

Xoves 16.05
***Ceibe***

Luns 20.05 (Fórum Metropolitano)
***Placton***

# TRC DANZA
# **FESTIVAL PRIMAVERA 2024**

FESTIVAL PRIMAVERA 2024

Elvi Balboa

**ESTREA ABSOLUTA**

# ANÖA

**Danza contemporánea**

VENRES 19 DE ABRIL

TARIFA B



REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

***ANÖA*** contémplase como un ritual que ten a vontade de mostrar a máscara que nos impoñemos, a vulnerabilidade de cinco corpos en movemento que anhelan chegar ao clímax.

Un espectáculo de danza pensado como un acto de insistencia e resistencia, unha acumulación de enerxía sensual, movemento e voz para acadar unha liberación catártica.

*A necesidade do movemento traduciuse na procura de estabilidade nun mundo volátil. Unha forma de resistencia persoal nun entorno líquido e cambiante.*

**Intérpretes:**
Marina Capel, Berta Pascual, Joel Pradas, Joan Aguilà e Lucía Bocanegra

**Equipo artístico/técnico:**
**Dirección:** Elvi Balboa
**Coreografía:** Elvi Balboa en colaboración cos intérpretes
**Espazo sonoro:** Mourae
**Deseño de Iluminación:** Andrés Galián
**Deseño de vestiario:** Elvi Balboa
**Acompañamento:** Raquel Klein
**Imaxen gráfica:** Ioar Labat
O proxecto é unha coprodución co Centro Coreográfico Galego - Xunta de Galicia.
Coa colaboración do Centro coreográfico Canal, Compañía residente.
Co apoio de: Nau Ivanow (Barcelona), Sala Apolo (Barcelona), Auditori de San Martí (Barcelona) , Estruch, Fábrica de creación de les arts en Viu ( Barcelona), Eva gris Dansa e Trackdance.

**Duración:** 60 minutos

Paula Quintas Cía

# MULTIPERSPECTIVAS#2

**Danza contemporánea**

VENRES 26 DE ABRIL

TARIFA B



*Multiperpectivas* de Paula Quintas é unha proposta orixinal e novidosa que parte da perspectiva do espectador como reflexión contemporánea. Combina improvisación teatral, danza e circo, deixando espazo para a interacción co público. Unha proposta que experimenta cos límites das artes escénicas para enfrentarse coa realidade do espazo que nos rodea.

*Multiperpectivas* é unha investigación desde un traballo académico e performativo titulado Filosofía y estética del cuerpo en el circo coreografiado: perspectivas multidisciplinares y transversales, entre los diálogos entre la danza y el circo y las nuevas complejidades escénicas, presentada a modo de tesiña pola Universidade Rey Juan Carlos, no 2020. A instalación xurde desde a necesidade práctica da acción e a perspectiva do espectador como reflexión contemporánea.

A partir da primeira cápsula presentada no Festival Escenas do Cambio 2021, onde se plantexa un dispositivo sonoro de contacto arredor dunha instalación de arames tensos, coa non participación de público pola problemática do momento das distancias de seguridade sanitaria.

*Multiperspetivas* camiña na investigación cara unha Cápsula #2, co marco teórico dunda tese doutoral comenzada en Outubro 2021, co título

Cuerpo, objeto, tiempo y espacio, como soportes de las artes performativas: límites y confluencias entre la danza y el circo contemporáneo en la España del S.XXI, dirixida polo doutor Carlos Tejo na Universidad de Vigo.

**Intérpretes:**
Paula Quintas e Arturo Cobas

**Equipo artístico/técnico:**
**Co-Creación:** Paula Quintas, Rut Balbís, Arturo Cobas e Antón Coucheiro
**Dirección e coreografía:** Rut Balbís e Paula Quintas
**Intervención sonora:** Arturo Cobas
**Iluminación:** Laura Iturralde
**Asistencia en técnica de arame:** Stephanie Bouchard
**Vídeo:** Margherita Morello- 16 thunders
**Xestión:** Manu Lago · Galicia Danza Contemporánea
**Distribución:** Lilian Portela · Amarelo Distribución Escénica
Axuda a creación de Agadic · Xacobeo 21-22 · Xunta de Galicia

**Duración:** 45 minutos

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

D'elas

# É Difícil Fotografar o Baleiro

Danza contemporánea

SÁBADO 27 DE ABRIL

TARIFA B



REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS



FESTIVAL PRIMAVERA 2024

Este espectáculo é unha aposta por atopar se existe algo máis aló do corpo. É un cuestionamento poético da verdade, do centro, da transcendencia. A través das experiencias de seis corpos moi diversos atopámonos coa superficialidade da identidade, cunha busca dunha esencia difícil de conquistar. As dinámicas xeradas entre estas seis intérpretes, mergullan ao espectador nun tránsito entre corpos baleiros e corpos que aluden á intuición, á trascendencia ou á ilusión.

Nunha viaxe entre cantos gregorianos e a música techno de LLXNTO e Bruno Baw as seis bailarinas móstrannos corpos virtuosos pero humanos, con capacidades extraordinarias pero coas limitacións de ser mortais, magullables e imperfectos. Unha tentativa de habitar un corpo cru, doente e limitante; pero un corpo capaz de amar, sacrificar ou soñar máis aló. Afundindo ao espectador nunha viaxe visceral, siniestra e chea de metáforas. Coa atención á música, á coordinación e á utilización da palabra que caracteriza ao colectivo, É difícil fotografar o baleiro é un mundo plástico que por momentos nos leva a ver a música a través dunha masa de corpos e por momentos atopámonos mergulladas na intimidade do individuo, no seu baleiro.

A potencia de seis corpos entregados á escena na procura dunha identidade colectiva, dunha identidade propia, dunha esencia que parece imposible de alcanzar. Unha falta de identificación, unha colectividade a partir do único que queda, o corpo. Unha busca do baleiro como centro de tódalas cousas.

**Intérpretes:**
Martín Sanjurjo, Eloi García, Noelia Mato, Andrea Castro, Iria Casal, Myriam González
Sustituciones: Nera Balado, Diana Monserrat

**Equipo artístico/técnico:**
**Creación:** Colectivo D'Elas
**Dirección:** Julia Laport Rivas
**Coreografía:** Colectivo D'Elas
**Deseño son e música:** LLXNTO e BRUNO BAW
**Deseño iluminación:** Nacho Martín Rivas
**Vestiario:** Yago Valverde e Elise Abella

**Duración:** 60 minutos

FESTIVAL PRIMAVERA 2024

Compañía Sharon Fridman

# Go Figure

Danza contemporánea

VERNES 03 DE MAIO

TARIFA ESPECIAL



DANZA A·ESCENA · La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública

Un corpo pode dicir a súa verdade cando asume unha linguaxe propia, o súa. Un corpo vólvese mapa de posibilidades a partir da súa diferenza, cando respira e move a súa desigualdade con respecto ao resto de corpos. É nesa relación de desigualdade onde se acha autenticamente libre. ***Go figure*** é, ante todo, unha paisaxe de desigualdade onde Shmuel pode observar o funcionamento do seu corpo, recoñecelo, poñer en valor aquilo que condiciona e define o seu movemento, transformalo nunha ponte cara á conexión co outro. A esta chamada acode Tomer, quen recolle a invitación de diálogo de Shmuel e cruza a ponte. Durante a súa procura dun balance que xurda dos límites que impoñen ou revelan as capacidades de ambos, nace unha beleza que non quere ser máis nada que ela mesma. Beleza que resulta da vontade de apoiarse sen desdebuxar, do desexo compartido de ser territorio da verdade.

**Intérpretes:**
Shmuel Dvir Cohen e Tomer Navot

**Equipo artístico/técnico:**
**Dirección e coreografía:** Sharon Fridman
**Asistente de dirección:** Tamar Mayzlish
**Música orixinal:** Noem Helfer
**Deseño de luces:** Yaron Abulafia
**Deseño de vestiario:** Miki Avni
**Management:** Lola Ortiz de Lanzagorta (New Dance Management) Go Figure nace de la obra Shape on us, creada por Sharon Fridman para Vertigo Power of balance.
Coproducido polo Festival Oriente Occidente de Rovereto e o Festival Mash Dance House de Jerusalén
Co apoio de: Comunidad de Madrid, INAEM, Ayuntamiento de Pinto, the Israel Lottery Council For Culture & Art y the Israel Ministry Of Culture and Sport

**Duración:** 50 minutos

# PROGRAMA DOBRE:

TARIFA B

FESTIVAL PRIMAVERA 2024

## Compañía Ertza
# Otempodiz

**Danza contemporánea**

SÁBADO 04 MAIO



VÓS TEDES O RELOXO, NÓS TEMOS O TEMPO Dise que os occidentais contamos o tempo, medímolo, comprámolo, vendémolo, planificámolo e organizámolo; para nós é un ben obxectivo, independente ao ser humano, que usamos para facer cousas, pero case sempre nos falta. Pola contra, en África o tempo vívese, tense, faise; é un ben subxectivo e inherente ao ser humano, que se habita e case nunca falta. O feito de que nazamos nun lugar do mundo concreto marca indefectiblemente a noción que temos do tempo, e aínda que nada é inamovible, dificilmente conseguiremos desprendernos desa primeira noción adquirida. O tempo pódese vivir de moitas maneiras, incluso ser escravo del; pero o que non se pode negar, e isto é válido para calquera recuncho do mundo, é o poder que nos dá a danza, sexa cal for a súa orixe, xénero ou condición, para vivir o tempo nun presente absoluto. *OTEMPODIZ* é unha peza de danza de 25 minutos, que analiza as diferentes maneiras que temos de vivir o tempo, a través dunha combinación linguaxes coreográficos urbanos, tradicionais e contemporáneos

**Intérpretes:**
Fenias Nhumaio e Deissane Machava

**Equipo artístico/técnico:**
**Idea orixinal, dirección e coreografía:** Asier Zabaleta
**Música:** Varios
**Apoios:** Embajada de España en Mozambique – Cooperación Española (AECID), Gipuzkoako Dantzagunea (Diputación Foral de Guipúzcoa), Festival Atlantikaldia
**Produción:** Ertza Sorkuntza Artistikoa S.L.

**Duración:** 25 minutos

DANZA A-ESCENA · Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública



## Cía Daniel Rodríguez
# A raíz de

**Danza contemporánea + danza tradicional**



"O corpo, ese instrumento capaz de facer vivir hoxe as historias de onte e de permitir que nun único ser, onde habitan pasado e presente, dialoguen tradición e contemporaneidade para construír un discurso de futuro".

"A raíz de" nace gracias á tradición galega, mediante o canto, a música e a danza tradicional e a procura do seu diálogo coa danza contemporánea. Nesta peza conséguese unha simbiose entre estas dúas linguaxes e os seus contextos, acercando o pasado ao presente, achegando a tradición ao público actual favorecendo un maior vínculo de este coa danza contemporánea e a danza de Raíz.

**Intérpretes:**
Daniel Rodríguez

**Equipo artístico/técnico:**
**Idea orixinal:** Daniel Rodríguez
**Coreografía e interpretación:** Daniel Rodríguez
**Edición de espazo sonoro:** Raúl Ben
**Espazo sonoro:** Aida Tarrío, Crnds, Manuele Pardo, Baiuca
**Deseño de vestiario:** Abel Casal
**Con apoio de:** Colectivo Banquet
**Distribúe:** Amarelo Distribución Escénica
**Agradecementos:** Vicky P. Miranda, Artur Puga

**Duración:** 15 minutos

FESTIVAL PRIMAVERA 2024

Fran Sieira

# Ceibe

**Danza contemporánea**

XOVES 16 MAIO

TARIFA A



CORUFEST

*Ceibe* afonda na relación entre o xénero e a nosa tradición, nas súas formas de operar en diferentes ámbitos da cotiandade, incluíndo, por suposto, unha manifestación cultural tan importante como o baile tradicional galego. Trátase de entender que é o xénero para nós como individuos, como colectivo e tamén como sociedade. *Ceibe* reflexiona sobre as categorías de xénero e os seus estereotipos impostos socialmente, para establecer distancia coa normatividade e arrastrala cara ás marxes, para desde aí propoñer e construír novas formas de entender o corpo e o movemento. A peza cuestiona as identidades de xénero normativas e hexemónicas para comprender e compartir como o xénero opera sobre todos os corpos.

**Intérpretes:**
María Montero, Aida Tarrío, André Adrio, Artur Puga, Patricia Sánchez, Martín Mondragón, Adela Otero, Cristina Canosa, Adrao Casal.

**Equipo artístico/técnico:**
**Dirección artística:** Fran Sieira e Sergio R. Suárez
**Acompañamento de dirección:** VACAburra (Andrea Quintana e Gena Baamonde)
**Música orixinal:** MounQup (Camille Hedouin). Con cacións de Carlos Quintá e a colaboración de Úrsula Rial
**Iluminación:** Fidel Vázquez
**Espazo escénico:** Laura R. Iturralde
**Vestiario:** Érica Oubiña
**Espazo sonoro:** Isaac Millán
**Construción de escenografía:** Nononon.lab
**Imaxe e deseño gráfico:** Paulina Funes

**Duración:** 55 minutos

FESTIVAL PRIMAVERA 2024

BIG BOUNCERS

# Placton

Fórum Metropolitano

## Danza contemporánea para Nenas e Nenos

LUNS 20 MAIO (10:00 e 12:00 h)

FUNCIÓN ESCOLAR 2 €



A palabra plancton provén do grego **πλαγκτόν** [plancto], e significa o que vai errante. Estes microorganismos que habitan o fondo mariño son uns dos poucos seres vivos que non se poden trasladar por si mesmos, senón que se deixan arrastrar polas correntes mariñas. ***Plancton*** é unha peza de danza cun marcado carácter inmersivo que, partindo do plancto como fonte de inspiración, quere desenvolver unha experiencia escénica multidisciplinar e penetrarnos, a través do corpo e o movemento nun mundo no que todo é posible. Un mundo onde todo o pequeno toma unha gran relevancia. Un mundo no que os corpos emiten luz, e mantéñense en suspensión. A peza pregúntanos sobre a nosa relación como humanos cos seres diminutos que habitan baixa a auga, e quere poñer de relevo a idea de que as cousas pequenas (e os seres pequenos, como as criaturas), son fundamentais para a vida.

**Intérpretes:**
Urša Sekirnik, Mireia De Querol, Elena Lalucat /Ariadna Grau

**Equipo artístico/técnico:**
**Un proxecto do colectivo BIG BOUNCERS**
**Dirección e creación:** Anna Rubirola
**Creación:** Urša Sekirnik, Mireia De Querol, Elena Lalucat /Ariadna Grau
**Axudante de dirección:** Elena Lalucat
**Asistencia dramatúrxica:** Carlota Grau
**Música orixinal:** Oriol Roca
**Deseño luces:** Jou Serra e Bernat Tresserra
**Escenografía:** Maria Alejandre e Estel Cristià
**Vestiario:** Urša Sekirnik
**Confección sombreiro:** Marina Pujadas
**Voz en off:** Patrícia Bargalló
**Coordinación Técnica:** Iván Cascón
**Asesoramento científico:** Pablo Sànchez
**Foto e Vídeo:** Tristán Pérez Martín
**Produción:** Rita Stivala
**Co-produccíón:** Mercat de les Flors Casa de la dansa

**Duración:** 45 minutos

DANZA A·ESCENA · La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública

Sábado 21.09
***PROTO (SN1806)***

Venres 04.10
***CORPS SEUL***

Venres 11.10
***ORO NEGRO***

Sábado 16.11
***Sudar Folklore***

Sábado 23.11
***The Ministry of Unresolved Feelings***

# TRC DANZA
# **TEMPORADA OUTONO 2023**

FESTIVAL OUTONO 2024

Janet Novás

# PROTO(SN1806)

**Danza contemporánea**

SÁBADO 21 SETEMBRO

TARIFA ESPECIAL



REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

***PROTO (SN1806)*** toma como punto de partida o fenómeno das supernovas. E se nos xuntamos e nos deixamos morrer e explosionar e ver despois que outros imaxinarios aparecen? Interesanos e interpelanos estas experiencias de calor, explosión, visibilidade das diferentes capas que nos compoñen, luminosidade, morte, enriquecemento do espazo e formación de novos sistemas. Como explosionar xuntas e xerar novos escenarios máis colectivos, máis luminosos e menos catastróficos? Experimentar este "último hurra" xuntas e crear novas formas de estar en comunidade. Unha viaxe desde o terrenal ao máis astral. Un espazo que nos devolva a integridade e a forza do calor colectivo. ***PROTO (SN1806)*** é unha proposta aberta, que invita a outros tempos de produción. A peza irase creando a través de varias cápsulas descoñecendo cal será o seu final, quizais no haxa final, quizais sexa infinito... Proto (SN1806) proponse coma un espazo para crecer e abrir, para habitar o non saber que sabemos sen medo.

**Intérpretes:**
Yuantao Gorriz, Julia Kayser e Danielle Mesquita

**Equipo artístico/técnico:**
**Dirección:** Janet Novás
**Dramaturxia:** Ricardo Santana
**Acompañamento artístico:** Pablo Lilienfeld
**Deseño de espazo sonoro:** Carlos Parra, Julián D´Avino, L´Voix e Pablo Lilienfeld
**Deseño de iluminación:** Cristina Bolívar
**Vestiario:** Buj Studio
**Produción:** Adriana Reyes
**Agradecimentos:** Maximiliano Sanford, Lucía Díaz, Roberta Ruggiero, L´Voix, Emma Megias, Clea Ventura, Aurora Bauza, Albert Tartas y Adrià Juan
**Co-productores:** Janet Novás en coprodución coa Xunta de Galicia a través do Centro Coreográfico Galego, Festival TNT (Terrassa) e Auditorio de Tenerife
**Apoios:** Graner, Centre de creació de dansa i arts vives (artista asociada 22/23), OSIC, Centro de Danza Canal, Los Dedae e La Caldera

**Duración:** 60 minutos

FESTIVAL OUTONO 2024

## Christine Cloux Danza

# CORPS SEUL

**Danza moderna e contemporánea**

VENRES 04 OUTUBRO

TARIFA B



*Corps Seul* é un espectáculo de danza en formato de só onde Christine Cloux, acompañada pola música en directo de Daniel Santos, reivindica o papel da muller madura no ámbito da danza profesional. A miúdo apartadas por razóns de idade, moitas veces invisibilizadas, poucas mulleres conseguen manter a súa presenza activa nos escenarios. ***Corps Seul*** evoca a memoria das danzas vividas ao longo da súa carreira profesional. Unha lenta mutación corporal desde o máis profundo das súas vivencias que desemboca no pracer de ofrecer e compartir o baile, protagonista absoluto dunha xenerosa e magnífica parte final. Este espectáculo foi seleccionado dentro do programa de Residencias de Creación da sala Carme Teatre e estreouse nesta sala o día 2 de marzo de 2023. Para este proxecto Christine Cloux contou coa complicidade do Espai La Granja do Institut Valencià de Cultura, EBCDanza e da mirada externa de Poliana Lima e Olga Álvarez-La Taimada.

**Intérpretes:**
Christine Cloux e Daniel Santos

**Equipo artístico/técnico:**
**Dirección e coreografía:** Christine Cloux
**Música orixinal:** Daniel Santos
**Texto:** Christine Cloux
**Deseño de iluminación:** Florin Badilici e Mingo Albir
**Vestiario:** Marie Cloux. MTC
**Diseño gráfico:** Juliane Petri
**Deseño escénico:** Carmen Baselga
**Fotografía:** Jose Jordán, Alba Santos e Jorge Pérez
**Proxección:** Adrián Lázaro
**Produción:** Christine Cloux Danza
**Colaboran:** Sala Carme Teatre, Espai La Granja, EBCD, Poliana Lima, Olga Álvarez, Steve Purcell, Leonardo Santos

**Duración:** 55 minutos

DANZA A·ESCENA · La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública

FESTIVAL OUTONO 2024

Poliana Lima

# ORO NEGRO

**Danza contemporánea**

VENRES 11 OUTUBRO

TARIFA ESPECIAL



DANZA A·ESCENA

La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública

*Oro negro* concibe o corpo como territorio de memoria viva, lugar onde se articulan e se permíten ler as dimensións biográficas, familiares e comunitarias, as socio-culturais, míticas e espirituais. Esta concepción do corpo permite a exploración das pegadas dos procesos tácitos de transmisión dos hábitos, costumes, violencias, dores e goces ao longo de varias xeracións.

Explorando estas múltiples dimensións identitarias, culturais e temporais que conforman o corpo como un conglomerado diverso, inestable e dinámico. ***Oro Negro*** roza e utiliza os clichés para culminar cun desbordamento no que a mirada do espectador se ve obrigada a posicionarse.

## Intérpretes:

Poliana Lima e Miguel Ángel Chumo Mata

**Música en directo:** Pablo Sánchez

## Equipo artístico/técnico:

**Dirección, concepción e coreografía:** Poliana Lima
**Dramaturxia:** Javier Cuevas
**Asistente de coreografía:** Lucas Condró
**Deseño de iluminación:** Carlos Marquerie
**Deseño de son:** Óscar Villegas
**Música orixinal:** Pablo Sánchez
**Deseño de vestiario:** Carmen 17
**Maquillaxe:** Sara Abigail Álvarez
**Fotos e audiovisuais:** Álvaro Gómez Pidal
**Coordinación técnica:** Cristina Bolívar
**Produción:** Isabella Lima
**Ayudante de producción:** Diego Carrasco
**Coprodución:** Poliana Lima e Mapas Fest
**Colaboradores:** Festival de Otoño, Ayuntamiento de Madrid, Azcuna Zentroa, Ayuntamiento de San Cristóbal de la Laguna, Teatros del Canal, Auditorio de Tenerife

**Duración:** 70 minutos

FESTIVAL OUTONO 2024

Laimperfecta

# Sudar Folklore

**Danza contemporánea**

SÁBADO 16 NOVEMBRO

TARIFA A



***Sudar Folklore*** é suar a prenda e unha vez quitada, suar a pel e unha vez quitada, suar o óso e unha vez quitado, suar a idea nova que un ten da danza Nuria Ruiz.

***Sudar Folklore*** é unha peza de danza contemporánea que pon en relación parte do noso folclore co acto de bailar música electrónica para entender cales son os códigos que comparten e pescudar que é o que fai que estes corpos transcendan a través da permanencia nestas danzas

**Intérpretes:**
David Acero Delgado, Aurora Costanza, Lucía Marote, Daniel Cabezuelo, Danielle Mesquita

**Equipo artístico/técnico:**

**Coreografía:** Alberto Alonso/ Laimperfecta en colaboración con las intérpretes
**Música en directo:** José Pablo Polo
**Deseño Iluminación:** Andrés Dwyer
**Asistencia Coreográfica:** Clara Pampyn
**Asesoría Folklore:** Daniel Hernández

**Duración:** 50 minutos

FESTIVAL OUTONO 2024

## Jo Strømgren Kompani

# The Ministry of Unresolved Feelings

Oslo. Noruega.

**Danza - teatro**

SÁBADO 23 NOVEMBRO

TARIFA A



A quen recorres se só es capaz de chorar cando non queres, se te enfadas cos botes de lixo ou se o pan dáche ataques de pánico? ***The Ministry of Unresolved Feelings (O Ministerio dos Sentimentos Non Resoltos)*** ten escaso orzamento, pero unha importante misión: os seus traballadores sociais son responsables de resolver problemas que ningunha outra axencia pode solucionar. Unha deliciosa mestura de humor absurdo e conmovedora solemnidade é o selo distintivo do coreógrafo noruegués Jo Strømgren. Nun momento apenas nos atrevemos a mirar, e ao seguinte estamos nun arrebato de risa. ***The Ministry of Unresolved Feelings*** foi creada para GöteborgsOperans Danskompani en 2019 e gozou dun enorme éxito. Aínda que foi pensada para adolescentes e adultos novos, foi aclamada por persoas de todas as idades.

**Intérpretes:**

Henriette Hamli, Jakub Mędrzycki, Nora vendsgård, Mikael Rønne, Iannes Bryulant

**Equipo artístico/técnico:**

**Coreografía, texto e deseño de escenario, iluminación e sonido:** Jo Strømgren
**Deseño de vestiario:** Bregje van Balen
**Fotos:** Tilo Stengel
**Coprodución:** Göteborgs Operans Danskompani
**Música:** Nina Simone, Pyotr Chaikovski, Anton Karas, Francisco Tarrega, Gaston Ouvrard, Domenico Scarlatti, Haukur Morthens, Janusz Gniatkowski, Sepultura, Georges bizet, Lill Lindfors, Camille Saint-Saëns
**Representante:** Ysarca Arts Promotion-Pilar de Yzaguirre

**Duración:** 55 minutos

# PROXECTO DE MEDIACIÓN TRCDANZA

Dende o ano 2014 o Teatro Rosalía de Castro acompaña o seu programa anual de danza TRCDanza cun proxecto innovador de mediación cultural e programación expandida.

Este proxecto articula mecanismos de relación entre os artistas convidados e os cidadáns da Coruña coa intención de xerar un contexto na cidade que poña en valor a danza e as artes do movemento.

A través de diferentes actividades, pensadas en colaboración con distintas comunidades e colectivos da cidade, poderemos coñecer de forma máis profunda os universos artísticos das compañías convidadas así como reforzar os seus vínculos ca nosa cidade.

Toda a información relativa a este proxecto e as súas actividades serán difundidas ao longo do ano mediante as canles:

trcdanza.mediacion@trcdanza.gal

@trcdanzamediacion

@trcdanzamedia

@trcdanzamediacion

@trcdanzamediacion

Organiza:

Concello da Coruña

Co patrocinio de:

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO



# HORARIOS:

Todas as funcións representaranse ás 20:30 h.
Puntualidade: unha vez comenzado o espectáculo non se permitirá o acceso á sala.

# ENTRADAS:

**Tarifas:**

· Tarifa A: 12,00 €
· Tarifa Especial: 10,00 €
· Tarifa B: 8,00 €
· Tarifa mobilidade reducida: 70% da tarifa do espectáculo

**Bono TRCdanza - desconto progresivo:**

**1º Tramo:** despois de comprar 4 entradas de espectáculos distintos recibes unha entrada gratuíta para o teu 5º espectáculo.

**2º Tramo:** despois de comprar outras 3 entradas de 3 espectáculos distintos recibes unha segunda entrada gratuíta para o teu 9º espectáculo.

**3º Tramo:** se asistes aos 10 primeiros espectáculos recibes unha entrada gratuíta para o 11º espectáculo que completa o ciclo.

**Descontos:**

Carné Xove, + 65, persoas desempregadas: -20%
Familias numerosas: -25%
Grupos +20 persoas, en compra anticipada: -50%
Os descontos non son acumulables entre sí.

# VENDA DE BILLETES:

**Despacho de billetes da praza de Ourense:** de luns a venres, agás festivos, de de luns a venres, de 11.00 a 15.00 e de 16.30 a 19.30h

**Despacho de billetes do Teatro Rosalía Castro:** aberto só os días de función, de 16:00 a 20:00 h

**Venda en liña:** Ataquilla.com.Servizo permanente de 24 h

# PAGOS:

Despacho de billetes da praza de Ourense, do Teatro Rosalía Castro e televenda con tarxeta de débito ou crédito.

## SISTEMA DE AUDICIÓN

**PARA OÍR MELLOR:**

O **TRC** dispón dun sistema de auriculares a través dos que se pode recibir sinal amplificado do son. Tamén se ofrece o servizo de bucle magnético que permite facer chegar o sinal de audio correctamente ao audífono ou implante eliminando ruído de fondo.

Por razóns de hixiene, recomendamos traer os propios auriculares da casa.

Para máis información, preguntar ao persoal de sala.



# TRC DANZA 2024

# TRC DANZA 2024

PRIMAVERA>OUTONO

TEATRO ROSALÍA CASTRO
A CORUÑA

www.coruna.gal/cultura

@teatrorosaliacastro

@teatro.rosalia.castro

@TeatroRosalia

ORGANIZA:

Concello da Coruña

COA COLABORACIÓN DE:

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

La Red española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública

DANZA A ESCENA

CORUFEST

CO PATROCINIO DE:

AGADIC

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

D.L.: C 400-2024